O 18 de maio de 2022 a Comisión Europea publicou o Plan REPowerEU, que establece novas accións para alcanzar a independencia enerxética de Rusia, aumentar os obxectivos de penetración de enerxía renovable e substituír rapidamente os combustibles fósiles. Entre outras medidas, este plan propón que os activos de almacenamento sexan de interese público superior e que se facilite a autorización do seu despregamento, xa que terán un papel ineludible para garantir a seguridade da subministración e a flexibilidade do sistema enerxético, conservando a enerxía para cando máis se necesite.

A Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética regula o carácter prioritario da implantación de centrais reversibles, nos seguintes termos:

“(a)l objeto de cumplir los objetivos en materia de energías renovables establecidos en esta ley, las nuevas concesiones que se otorguen, de acuerdo con lo establecido en la legislación de aguas sobre el dominio público hidráulico para la generación de energía eléctrica, tendrán como prioridad el apoyo a la integración de las tecnologías



renovables en el sistema eléctrico. A tal fin, se promoverán, en particular, las centrales hidroeléctricas reversibles, siempre que cumplan con los objetivos ambientales de las masas de agua y los regímenes de caudales ecológicos fijados en los planes hidrológicos de cuenca y sean compatibles con los derechos otorgados a terceros, con la gestión eficiente del recurso y su protección ambiental”.

En Galicia, o correcto uso do solo e o dos recursos naturais son factores determinantes do desenvolvemento económico e da sustentabilidade do tecido industrial, tendo especial prioridade neste momento garantir ás empresas o acceso a fontes de enerxía competitivas e sostibles a través de proxectos que axuden a reactivar a economía.

Así mesmo, o almacenamento con centrais de bombeo aportaría estabilidade ao sistema eléctrico, cumprindo un papel esencial para integrar as enerxías renovables que se están a despregar en Galicia, especialmente a eólica e a solar. En particular, os proxectos de almacenamento con bombeo son necesarios para estabilizar a rede eléctrica, onde se desconectarán 1.900 MW de centrais térmicas de carbón que serán substituídos maioritariamente por potencia renovable intermitente.

Así, no contexto actual, o desenvolvemento de centrais de almacenamento con tecnoloxía de bombeo é fundamental para acadar os obxectivos fixados no Plan RepowerUE, na normativa e nos instrumentos de desenvolvemento, e para garantir o subministro de enerxía verde ao menor custo posible para a industria e a sociedade galegas.

Neste ámbito tamén hai que ter presente que o Parlamento de Galicia, o 8 de febreiro de 2011, adoptou por unanimidade relevantes acordos e estableceu importantes obxectivos co fin de limitar nos ríos galegos a construción de novos aproveitamentos hidroeléctricos e de implantar un réxime de caudais ecolóxicos axeitado nas distintas masas de auga.

Estes acordos foron trasladados, mediante os sucesivos plans aprobados, á planificación hidrolóxica da demarcación hidrográfica de Galicia Costa e ás súas disposicións normativas.

Por elo, o desenvolvemento dos proxectos de produción de enerxía procedente de fontes renovables e, en concreto, o almacenamento con centrais de bombeo, necesarios para acadar os obxectivos enerxéticos establecidos, deberá atender ao



disposto no plan hidrolóxico vixente, dentro dos límites da lexislación ambiental e sectorial existente, e con pleno respecto ao xa acordado por este Parlamento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Declarar de interese público superior as centrais hidroeléctricas reversibles, como activos de almacenamento enerxético necesarios para acadar a seguridade de subministración enerxética, de xeito que poidan acollerse aos procedementos máis favorables dispoñibles, tanto na súa fase de planificación como de autorización, en concordancia co disposto no Plan REPowerEU.
2. Elaborar unha instrución polo órgano competente na que se recollan as tipoloxías de proxectos de almacenamento enerxético e se regulen os aspectos relativos á tramitación destes proxectos, asegurando a tramitación mais áxil posible de acordo coa normativa vixente.
3. Garantir que a construción das infraestruturas de almacenamento necesarias para a implantación destes proxectos respecta o Plan Hidrolóxico vixente non supoñendo novos obstáculos transversais no leito dunha masa de auga superficial, e respectando en todo momento o mantemento da continuidade lonxitudinal fluvial nos restantes cursos de auga mediante dispositivos que permitan o cumprimento dun réxime de caudais mínimos”.

Santiago de Compostela, a 23 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/06/2022 10:56:41

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/06/2022 10:56:57

Cristina Sanz Arias na data 23/06/2022 10:57:12

José Antonio Armada Pérez na data 23/06/2022 10:57:29

Pardo López, Adrián na data 23/06/2022 10:57:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Rodríguez Pérez, Moisés na data 23/06/2022 10:57:58

Sandra Vázquez Domínguez na data 23/06/2022 10:58:09

Borja Vereza Fraiz na data 23/06/2022 10:58:27

Carmen María Pomar Tojo na data 23/06/2022 10:58:42

Ramón Carballo Páez na data 23/06/2022 10:59:00

José Manuel Balseiro Orol na data 23/06/2022 10:59:21

María Sol Díaz Mouteira na data 23/06/2022 10:59:38

Freire Vázquez, María Begoña na data 23/06/2022 10:59:56

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/06/2022 11:00:10

María Belén Salido Maroño na data 23/06/2022 11:00:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar para evitar o colapso da Atención Primaria.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre as medidas a tomar para evitar o colapso da Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular xa non consegue tapar con propaganda a situación dramática da Atención Primaria. Os gravísimos problemas estruturais consecuencia de 13 anos de recortes.

Unha radiografía da situación son os miles de galeg@s que non teñen médico asignado, @s que teñen que agardar semanas para ter unha cita, @s case 200 mil que agardan por unha primeira consulta hospitalaria, 40 mil que agardan por unha intervención cirúrxica, @s miles que lle pecharon os consultorios, @s miles de nen@s sen pediatra; ou @s profesionais exhaust@s





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pandemia xa non vale para tapar a falta de compromiso coa sanidade pública do PP, non vale para tapar a falta de planificación e anticipación, sabían de sobra cantas xubilacións se ían producir, que @s profesionais teñen dereito a baixas, vacacións e días libres.

A responsabilidade da Xunta era planificar e organizar e non o fixo a mantenta e agora pretenden que aceptemos como normal a falta de atención, días de espera para ter unha cita.

Converter en norma as intersubstitucións e as prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 os os que fagan falta está claro que non é a alternativa.

O resultado está á vista, as 9 prazas MIR de médico de familia sen cubrir son un síntoma claro do rechazo ás condicións de traballo, da desconsideración, dunha formación cada vez máis deficitaria por falta de titores, falta de tempo, falta de motivación. Ao igual que a desbandada que se produce cada ano cos que rematan a súa formación, que non se queren quedar en Atención Primaria, porque non aceptan traballar sen límite, sin calidade na atención, con risco para a saúde das doentes e de si mesmas.

Esta situación que non vai facer máis que empeorar polos centos de médicos, pediatras enfermeiras, matronas, que se van xubilar nos vindeiros anos.

Fuga de profesionais e drenaxe constante de doentes á sanidade privada, quen poida pagala e o que non quédase tirado.

A realidade é que a continuidade asistencial está seriamente ameazada, nunha situación límite, do nivel asistencial fundamental que é a Atención Primaria, onde se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resolven entre o 80 e 90 por cento dos procesos de saúde. É preciso poñer en marcha un cambio de modelo, un plan real que a faga atractiva e deixe de estar secundarizada, desprestixiada, minusvalorada, convertida en despacho de doentes.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha sin máis dilación medidas para facer atractiva a Atención Primaria para @s profesionais, para que poidan dispor dos recursos, tempo, número de doentes... que permitan unha atención de calidade.

1.- Aumentar o orzamento destinado á Atención Primaria até chegar ao 25%, na actual lexislatura, no inmediato aumentar o 2.2% (máis de douscentos millóns de €) para chegar á media do Estado.

2.- Modificación do Decreto que regula as Áreas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

3.- Presentar de inmediato un informe que permita ter unha radiografía fidedigna da situación do cadro de persoal de Atención Primaria (número de profesionais por categorías, situación laboral, previsión de xubilacións, rateos profesionais-doentes...) para realizar unha planificación do número de profesionais precis@s axustada ás necesidades reais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.-Rematar coa política de precariedade e explotación nas condicións laborais, contratar pola causalidade do mesmo, reducir a rotación e mobilidade ao mínimo imprescindible... para garantir calidade asistencial e que traballar e conciliar non sexa misión imposible.

5.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

6.- Incorporación de categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas... onde existen profesionais para poder ser contratados

7.- Realizar un censo das prazas de difícil cobertura e establecer para a cobertura das mesmas incentivos tanto no ámbito económico como das condicións laborais (horario, gardas, ratios profesional-doente...) como puntuacións adicionais para procesos selectivos, de promoción e formación.

8.- Tomar todas as medidas precisas para garantir que na formación universitaria a presenza da Atención Primaria sexa acorde á relevancia que este nivel asistencial representa na atención á poboación.”

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s.do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2022 17:44:45

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2022 17:44:53

Iria Carreira Pazos na data 27/06/2022 17:45:04



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Unha axeitada e áxil avaliación ambiental das actividades económicas que se desenvolven no noso territorio é imprescindible e fundamental tanto para protexer o noso medio ambiente como para facilitar a seguridade xurídica necesaria para fomentar a economía respectando a lei e os dereitos particulares.

Unha serie reiterada de sentenzas do TSXG poñen de manifesto graves e reiteradas deficiencias na tramitación ambiental (nas súas distintas modalidades e coas súas especificidades) de proxectos que leva a cabo a Xunta de Galicia. Así, por poñer só algúns exemplos destacados, a sentenza do 26 de outubro de 2020 anula a tramitación ambiental dun vertedoiro en Cerceda; dúas sentenzas do mesmo órgano xudicial do 9 de novembro de 2020 –confirmadas posteriormente polo Tribunal Supremo– anulan a avaliación ambiental por parte da Xunta dun parque eólico, o de Sasdónigas, en Mondoñedo, por amparar un fraccionamento irregular dun mesmo parque eólico en dous e non avaliar axeitadamente os seus impactos; tamén en novembro de 2020 o tribunal anulou o PXOM de Malpica porque a Xunta o eximiu inxustificadamente de avaliación ambiental; por medio de sentenza do 11 de decembro de 2020 o TSXG anulou a autorización da Xunta para un parque eólico na Serra do Oribio, entre Samos e Triacastela, porque o Goberno galego autorizou en 2019 o parque, en Rede Natura, como se fose unha modificación doutro previo que obtivera permiso ambiental en 2005 e nin chegara a executarse en prazo; a sentenza da sección terceira do TSXG do 21 de xaneiro de 2022 anula o acordo da Xunta do 7 de novembro de 2019, polo que se autorizaba a repotenciación dun parque eólico en Corme, que fora declarado “de interese especial” pola Xunta o 2 de febreiro de 2018, ao abeiro da Lei de fomento de iniciativas empresariais de 2017, determinando que a redución á metade do prazo para a consulta pública do impacto ambiental é contraria a dereito; finalmente, outra sentenza de xaneiro deste ano anula a avaliación ambiental da ampliación dunha granxa avícola radicada en Rairiz de Veiga por non considerar o impacto sobre a Rede Natura 2000 e os acuíferos da zona e vulnerar os dereitos á saúde, a intimidade e a un medio ambiente digno dos veciños.



Esta escolma de sentenzas ditadas en menos de dous anos poñen de manifesto unha variada e reiterada vulneración da lexislación ambiental vixente por parte da Xunta de Galicia á hora de avaliar o impacto das actividades económicas sobre o noso territorio, xerando inseguridade xurídica e prexuízo a dereitos constitucionalmente protexidos, dun xeito impropio dunha Administración moderna e cumpridora da legalidade.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno de Galicia a aplicar con rigor o noso ordenamento xurídico na avaliación ambiental de proxectos, en orde a garantir o respecto ao medio ambiente e aos intereses lexítimos afectados, ademais de reducir o número de sentenzas xudiciais anulatorias dos seus actos administrativos no eido ambiental e a inseguridade xurídica que está a xerar.

Pazo do Parlamento, 16 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 16/06/2022 17:46:33

Paloma Castro Rey na data 16/06/2022 17:46:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/06/2022 17:47:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición** non de **lei** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A auga constitúe un ben e riqueza natural indispensable e que debe ser obxecto dunha adecuada xestión por parte das institucións públicas. En particular a traída de augas implica un reto para a xestión pública municipal e existen distintos mecanismos de gobernanza para facelo, algunhas que emerxen dende as propias comunidades.

En concreto, en Galicia hai un conxunto de comunidades de traídas de augas no rural que abastecen a milleiros de fogares. Trátase dunha realidade propia galega que cabe entender en función da xeografía humana de Galicia e da capacidade de cooperación das comunidades veciñais do territorio á hora de xestionar a auga para traídas. Son tamén unha solución aos retos de xestionar a auga dada a dispersión e distribución da poboación ao longo do territorio. Formal e normalmente constitúense co carácter de corporacións de dereito público e dedícanse á xestión e ordenación interna da auga na comunidade. A asociación Coxapo, que integra a un número significativo de comunidades, sinala que os seus fins principais son a explotación dos mananciais captados, o abastecemento das augas para uso doméstico das vivendas ou parcelas e o coidado do medio ambiente.

A Comunidade de Augas de Naia, Sabaxáns e Cortellas (Vigo) constitúe un exemplo de tantas destas comunidades espalladas polo territorio e que teñen dado servizo de augas a milleiros de galegos e galegas. No caso desta comunidade, que acaba de conquistar a renovación da súa concesión, a incerteza vén dada polo feito de que cando se da a renovación se indique que é para integrarse na rede municipal. A pesares de que o carácter prioritario de incorporarse á rede municipal derívase de normas existentes, o certo é que esa integración pode ser



moi custosa para os veciños e veciñas e parte deles son maiores xubilados e xubiladas que teñen ben cubertas as súas necesidades de auga dende a Comunidade dende hai anos. Esa problemática que trasladan dende esta Comunidade aos distintos partidos políticos pode ser común a outras comunidades de augas galegas. Cómpre dende a Xunta de Galicia definir unha política adecuada para as comunidades de traídas de auga no presente e cara o futuro analizando custes e beneficios sociais e abordar esta situación dando información e desenvolvemento normativo na procura de consensos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar sobre cal é a situación da concesión da Comunidade de Augas citada na exposición de motivos e cal é a súa perspectiva de futuro.
2. Presentar ante a Cámara galega un informe detallado sobre a situación das comunidades de traídas de auga de Galicia en relación ao servizo que prestan ao longo do territorio e ao número de familias usuarias, a situación das concesións e o estado de fontes, depósitos e redes de subministro, así como aos investimentos realizados.
3. Definir os compromisos da Xunta de Galicia e a previsión da axenda do goberno galego en relación a estas comunidades de augas.

Pazo do Parlamento, 17 de xuño do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Patricia Otero Rodríguez

Eduardo Ojea Arias

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/06/2022 09:33:18

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/06/2022 09:33:28

Noelia Otero Lago na data 17/06/2022 09:33:37

Patricia Otero Rodríguez na data 17/06/2022 09:33:45

Eduardo Ojea Arias na data 17/06/2022 09:33:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/06/2022 09:34:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 o grupo parlamentar do BNG rexistrou unha iniciativa dobre na que se presentaban unha serie de preguntas sobre as condicións de traballo dos traballadores de *Surexport*, unha empresa de froitos vermellos que desenvolve a súa actividade na Terra Chá.

Daquela saíron novas na prensa que eran aterradoras en canto a condicións de habitabilidade das instalacións que lles facilitaba a empresa ás e aos traballadores, con incapacidade de manter os protocolos COVID, pero tamén dentro dos invernadoiros se producían moitas anomalías dende o punto de vista da sanidade vexetal e das condicións laborais.

O Sr Balseiros explicou daquela que non había a aquela altura ningunha medida que impoñer en canto a sanidade vexetal se refería e que si se puxera en coñecemento da Consellaría de Emprego presuntas situacións de conculcación de dereitos laborais polo que se fixeran inspeccións ao respecto, sen que teñamos novas de cando, cantas e que resultado deron.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vén este ano de novo tempada de cultivo dos froitos vermellos e parece acaído preguntar que comprobacións se fixeron para evitar que se repitan circunstancias similares ás do ano pasado.

Sigue existindo alarma social na zona de Begonte e Castro de Rei polas condicións nas que as persoas traballadoras viven ou polas condicións de traballo ás que se ven sometidas.

Por isto parece agora o momento de preguntarlle ao Goberno se tomaron algunha medida preventiva para protexer a saúde destas persoas traballadoras e que non se repetiran as mesmas circunstancias doutras tempadas. E preguntámonos se a Consellería de Eemprego e Igualdade por medio do ISSGA vai actuar de oficio.

Comprenderán que neste caso hai varios actores implicados e non todos dependen das mesmas instancias pero é posible facer un traballo conxunto que axude a mellorar as condicións de traballo da xente, que neste caso xa son duras de por si.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Que a Consellaría de Emprego e Igualdade faga a través do ISSGA as inspeccións precisas nas instalacións da empresa *Surexport* sitas nos Concellos de Begonte e Castro de Rei de Lugo, co fin de comprobar que as persoas que traballan nela teñen garantida a súa protección da saúde no exercicio laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Trasladar a calquera outro organismo, como á Inspección de Traballo, calquera anomalía que detectaran colateralmente nas inspeccións relacionadas coa Saúde Laboral.”

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 17/06/2022 12:33:57

Daniel Pérez López na data 17/06/2022 12:34:10

Olalla Rodil Fernández na data 17/06/2022 12:34:21



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O pasado 10 de xuño tivo lugar o derrubamento do escenario principal do festival O Son do Camiño, cando se estaban efectuando os labores de montaxe e preparación do evento previsto para os días 16, 17 e 18. O accidente provocou varios feridos, algúns hospitalizados e un aínda na unidade de coidados intensivos.

Perante a complexidade da montaxe dun festival desas características, sería desexable que a Xunta de Galicia exercese un control exhaustivo da seguridade e das condicións laborais do persoal traballador en todas aquelas actividades que patrocine, como neste caso cun orzamento de 2,5 millóns de euros e o selo do Xacobeo 22. Porque o feito de que a fórmula do patrocinio exima á Xunta de Galicia de auditar este festival, non pode nunca supor escusar a inspección do evento.

A propia asociación sindical de profesionais técnicos do espectáculo (Tesgal) advertía a primeiros de maio, coincidindo co Día Internacional do Traballo, dunha “previsible sobretensión do sector causada pola gran concentración de eventos nos vindeiros meses”, cunha “sobresubvención” que “alimenta as deficiencias e a precariedade”. É preciso, xa que logo, que a Administración galega extreme a vixilancia das condicións laborais e de seguridade de todos os eventos que organice ou cos que colabore baixo a fórmula do patrocinio.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

- 1º) Investigar e elaborar un informe do acaecido no accidente da instalación do escenario principal de O Son do Camiño, do que dea conta ante o Parlamento galego.
- 2º) Establecer as medidas de control precisas da seguridade esixible para evitar que poidan acontecer accidentes de gravidade como o acaecido na instalación do Monte do Gozo.



3º) Exercer unha supervisión estrita e efectiva das medidas de seguridade e de inspección laboral de todos os espectáculos nos que colabora baixo a fórmula de patrocinio.

Pazo do Parlamento, 17 de xuño de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/06/2022 13:16:54

Noelia Otero Lago na data 17/06/2022 13:17:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/06/2022 13:17:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de setembro de 2021 entrou en vigor a Lei 8/2021, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica. Esta reforma elimina a figura da tutela no Estado español e pasa ao sistema de apoios para que todas as persoas poidan exercer o seu dereito de capacidade de obrar e exercicio xurídico facilitándolle os apoios por parte do sistema que sexan necesarios, en función da súa discapacidade.

A lexislación obriga, pois, á revisión de todos os expedientes de incapacitación no prazo de 3 anos para adaptalas á nova normativa. Nas última semanas as entidades da discapacidade recibiron unha serie de oficios por parte dos Xulgados do Social nos que se nos insta a “remitir informes sobre eventuais alternativas de apoio e sobre as posibilidades de prestalo sen requirir a adopción de medida algunha polas autoridades xudiciais”. Entre as entidades contactadas atópase FEGADACE quen se dirixiu á autoridade xudicial para lle sinalar que:

□ Non ten capacidade para realizar o informe solicitado, por non estar dentro das súas funcións estatutarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

□ Non é unha “entidade do terceiro sector de acción social debidamente habilitada como colaboradora da Administración de Xustiza” (Vid. D.A. 1º da Lei 8/2021). Nos termos da normativa aplicábel, debe ser a Administración Pública quen realice o informe que se vén de solicitar.

□ Non ten función asistencial directa con persoas usuarias; sendo que en calquera caso estes servizos son prestados, ás persoas asociadas, polas entidades federadas. E ademais, as persoas sobre as que se solicitan os informes non son atendidas nos servizos prestados polas entidades federadas, polo que se descoñece a súa situación.

□ En atención ás funcións dos equipos de valoración e orientación da discapacidade dependentes da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, reguladas pola Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (modificada pola Orde de 3 de abril de 2017), correspóndelles levar a cabo a petición que neste caso se traslada a FEGADACE.

Segundo a documentación achegada polos Xulgados ás entidades, foi a propia Consellería de Política Social quen indicou ás entidades das diferentes discapacidades como colaboradoras para realizar estas funcións, obviando a competencia exclusiva da que está dotada a administración para a súa realización.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza asumir cos seus propios recursos a realización dos informes que deben acompañar os procesos de revisión das incapacitacións tal e como prevé a lexislación vixente.”

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/06/2022 13:49:54

Iria Carreira Pazos na data 17/06/2022 13:50:03

María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2022 13:50:11



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención bucodental resulta un elemento esencial e central da atención sanitaria e da calidade de vida das persoas en termos de saúde. A súa inclusión dentro da carteira de servizos do sistema público de saúde é una carreira de longa distancia que, durante anos, ven conquerindo algúns breves avances que tratan de progresar no obxectivo final de incorporar a atención bucodental como un servizo máis do sistema público de saúde.

A incorporación nos últimos anos dun certo volume de profesionais da saúde bucodental ten constatado algún avance, con respecto aos tipos de tarefas e asistencia que realizan. Aínda así, a limitada carteira de servizos e o volume de profesionais non permitía ata o de agora ampliar o tipo de asistencia prestada.

Durante este mes de xuño, a xuntanza do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (15 de xuño, Valencia) apoiou a proposta do Ministerio de Sanidade para incorporar máis servizos á poboación en atención bucodental. A implementación dunha nova oferta máis ampla está destinada a mellorar o conxunto da saúde bucodental, así como a facilitar esta a aqueles colectivos que, por diferentes razóns, precisan de maior atención dende o sistema público como poden ser os menores ou as embarazadas, e tamén colectivos de persoas con discapacidade, pacientes oncolóxicos da zona cérvicofacial ou persoas con dificultades de mobilidade dos membros superiores.

Para esta planificación, o Ministerio de Sanidade aportou unha gran partida orzamentaria de máis de 40 millóns de euros, dos que unha parte corresponden a Galicia para permitir a implantación deste servizos.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno de Galicia a implementar, coa maior brevidade, os servizos de atención bucodental nos estándares e posibilidades aprobados na xuntanza do Consello Interterritorial, dotando para elo aos servizos necesarios do Sergas dos recursos axeitados.

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2022 10:55:52

Marina Ortega Otero na data 20/06/2022 10:56:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/06/2022 10:56:12



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

En decembro de 2016 o PP abandonou a asemblea de constitución da Área Metropolitana de Vigo, porque non ostentaban a maioría, rebentando o acto de constitución da Área Metropolitana. Nese acto, procédese de forma legal a constitución da Área Metropolitana e a elección do seu presidente na persoa do alcalde de Vigo.

A Xunta de Galicia paralizou esta constitución e elección do presidente da Área Metropolitana cun recurso contencioso administrativo, na súa estratexia de confrontación coa cidade de Vigo.

Segundo recolle a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo: *"A convocatoria e celebración da sesión constitutiva da AMV, a constitución da súa Asemblea e a elección do seu presidente insírense no ámbito da organización das entidades locais, procedendo no noso caso declarar que os actos realizados para lograr ese obxectivo eran válidos"*.

O xulgado ratificou que a Área Metropolitana de Vigo constituíuse legalmente, e que a elección do presidente axustouse a dereito, pero que a lei impoñía unha condición de imposible cumprimento ao condicionar a constitución da Área á adhesión ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que non existía. De acordo coa literalidade da sentenza sinala: *"é fundamental subliñar que o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, non existe, nin como disposición administrativa, nin como acto administrativo xeral"*.

É hora de atender a unha realidade social, política e económica que hoxe funciona, inclusive sen ter o instrumento político e ao financiamento económico que correspondería á Xunta de Galicia.



A solución está en mans do goberno de Alfonso Rueda coa súa maioría parlamentaria, derogando o artigo que establece a integración de Vigo, como obrigatoria, nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe.

É unha decisión política que favorecerá aos 500.000 habitantes da Área Metropolitana de Vigo. Non atendela é atacar ao desenvolvemento económico da cuarta parte de Galicia. O novo goberno de Galicia de Alfonso Rueda pode rectificar este erro histórico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a derogar o artigo da Lei da Área Metropolitana de Vigo que condiciona a súa constitución á integración nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe, como recolle a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/06/2022 11:42:10

Noelia Otero Lago na data 20/06/2022 11:42:19

Paloma Castro Rey na data 20/06/2022 11:42:28

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Pablo Arangüena Fernández na data 20/06/2022 11:42:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2022 11:42:49

Patricia Otero Rodríguez na data 20/06/2022 11:43:06

Eduardo Ojea Arias na data 20/06/2022 11:43:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/06/2022 11:43:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

En decembro de 2016 o PP abandonou a asemblea de constitución da Área Metropolitana de Vigo, porque non ostentaban a maioría, rebentando o acto de constitución da Área Metropolitana. Nese acto, procédese de forma legal a constitución da Área Metropolitana e a elección do seu presidente na persoa do alcalde de Vigo.

A Xunta de Galicia paralizou esta constitución e elección do presidente da Área Metropolitana cun recurso contencioso administrativo, na súa estratexia de confrontación coa cidade de Vigo.

Segundo recolle a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo: *"A convocatoria e celebración da sesión constitutiva da AMV, a constitución da súa Asemblea e a elección do seu presidente insírense no ámbito da organización das entidades locais, procedendo no noso caso declarar que os actos realizados para lograr ese obxectivo eran válidos"*.

O xulgado ratificou que a Área Metropolitana de Vigo constituíuse legalmente, e que a elección do presidente axustouse a dereito, pero que a lei impoñía unha condición de imposible cumprimento ao condicionar a constitución da Área á adhesión ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que non existía. De acordo coa literalidade da sentenza sinala: *"é fundamental subliñar que o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, non existe, nin como disposición administrativa, nin como acto administrativo xeral"*.

É hora de atender a unha realidade social, política e económica que hoxe funciona, inclusive sen ter o instrumento político e ao financiamento económico que correspondería á Xunta de Galicia.



A solución está en mans do goberno de Alfonso Rueda coa súa maioría parlamentaria, derogando o artigo que establece a integración de Vigo, como obrigatoria, nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe.

É unha decisión política que favorecerá aos 500.000 habitantes da Área Metropolitana de Vigo. Non atendela é atacar ao desenvolvemento económico da cuarta parte de Galicia. O novo goberno de Galicia de Alfonso Rueda pode rectificar este erro histórico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a derogar o artigo da Lei da Área Metropolitana de Vigo que condiciona a súa constitución á integración nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe, como recolle a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/06/2022 11:44:04

Noelia Otero Lago na data 20/06/2022 11:44:12

Paloma Castro Rey na data 20/06/2022 11:44:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Pablo Arangüena Fernández na data 20/06/2022 11:44:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2022 11:44:42

Patricia Otero Rodríguez na data 20/06/2022 11:44:53

Eduardo Ojea Arias na data 20/06/2022 11:45:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/06/2022 11:45:14



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A estrada EP-8001 Caldas – Carracedo – Catoira ten 9,9 quilómetros de lonxitude, actúa como conexión entre o sur da AP-9 e a autovía do Barbanza AG-11 sendo nexo de unión de dúas provincias, e conta cunha IMD que chega ós 8.300 vehículos/día nalgún dos seus tramos, polo que ten unha función claramente estruturante do territorio a nivel autonómico.

O viaduto de Catoira ten 723 m de lonxitude e se sitúa no final da estrada EP-8001 Caldas – Carracedo – Catoira, sendo unha estrutura interprovincial na que non só a construción senón tamén o mantemento é compartido coa Deputación de A Coruña.

A Deputación de Pontevedra desenvolveu numerosas actuacións sobre este viario nos últimos anos, con investimentos de en torno aos 60.000 euros dende 2017.

Despois de anos de busca de solución para a definición sobre o traspaso de competencias acerca da xestión deste viario, O 18 de xaneiro de 2022, á petición da Deputación de Pontevedra constituíuse a Comisión de transferencias entre a Deputación e a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Celebrouse nesa data a primeira e única xuntanza deste órgano bilateral e acordouse que:

- A Deputación de Pontevedra remitiría os informes da Inspección especial realizada no ano 2019 na ponte de Catoira e o estudo sobre o “agarre” do firme da estrada.
- Que a Xunta enviaría unha proposta para un cambio de titularidade de estradas incluíndo a totalidade da estrada provincial EP-8001 (Carracedo-Caldas-Catoira) coa ponte incluída.



Seguindo este acordo, a Deputación de Pontevedra achegou os informes técnicos requiridos, e que foron enviados coa maior brevidade (ao día seguinte). A pesares disto, a Deputación de Pontevedra interesouse en numerosas ocasións polos avances no acordo e nas tarefas asignadas, e remitiu requirimentos de información e progresos ao Goberno autonómico e solicitando a proposta para o cambio de titularidade de estradas, non recibindo información ningunha sobre a situación nin tampouco ningunha proposta como o goberno autonómico se comprometera.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir co acordo adoptado o 18 de xaneiro de 2022 na Comisión de transferencias entre a Deputación de Pontevedra e a Axencia Galega de Infraestruturas e remitir, no prazo máximo dun mes, unha proposta de cambio de titularidade de estradas que inclúa a totalidade da estrada provincial EP-80001 (Carracedo – Caldas – Catoira) coa ponte incluída.

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2022 12:18:54





Patricia Otero Rodríguez na data 20/06/2022 12:19:02

Eduardo Ojea Arias na data 20/06/2022 12:19:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/06/2022 12:19:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz**, **María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa ao recoñecemento e preservación das razas autóctonas.

Este grupo parlamentar ten presentado iniciativas a respecto da conservación das razas autóctonas de animais domésticos, nas iniciativas pasadas falamos de cans, con pouca fortuna, por certo. Agora temos que insistir no mesmo tema considerando estas e outras especies animais como o burro fariñeiro ou a pita piñeira.

Podíamos preguntar por que hai que conservar as razas autóctonas e por que hai que evitar a súa extinción. Quizá porque é unha cuestión de mantemento da biodiversidade, ou ben porque os recursos zootécnicos constitúen un patrimonio mundial inestimable valor, pode ser tamén porque as razas son un constructo cultural das diversas zonas, xa que os seus habitantes cruzaron durante centos de anos distintos animais dunha mesma especie para conseguir unha serie de características morfolóxicas, adaptativas e produtivas que favorecen que un número indeterminado de individuos que comparten esas características se distingan de outros da mesma especie. Son, polo tanto, tamén un patrimonio cultural que contribuíu á preservación da especie humana.

Temos no noso país a oportunidade de ser pioneiros en canto á declaración dos cans de pastoreo e caza como animais de gandería podendo así posibilitar a desmascotización á que os vai someter a nova lei estatal de protección animal e que a maiores permitiría que o Centro de recursos zootécnicos de Galiza de Fontefiz poida facerse cargo de ter unha reserva xenética que evite a extinción total de varias delas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

No noso país hai outras especies animais que nos acompañaron vital e culturalmente como animais produtivos como é o caso do burro fariñeiro, que temos completamente desatendido, mentres no estado español hai polo menos 6 razas recoñecidas como autóctonas das distintas CCAA sen que o burro fariñeiro figure entre elas e sería ben importante para explorar para esta raza outras funcións sociais e ecolóxicas acordes a esta época.

